



XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

CONVOCATORIA XUNTA XERAL ORDINARIA

O Consello de Administración de Xestión do solo de Galicia- Xestur, S.A., na súa reunión do 30 de marzo de 2017, acordou convocala Xunta Xeral ordinaria de accionistas, que se celebrará no domicilio social da sociedade (Área Central, local 25Z-1º andar, Polígono Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela), o 2 de maio de 2017, ás 11.00 horas en primeira convocatoria ou, de non alcanzarse o quorum necesario, o día seguinte, 3 de maio de 2017, no mesmo lugar e hora, en segunda convocatoria.

A Xunta Xeral de Accionistas convócase ó obxecto de deliberar e resolver acerca dos asuntos comprendidos na seguinte:

ORDE DO DIA

- 1º. Aprobación, se procedera, das contas anuais do exercicio económico 2016.
- 2º. Acordo, se procedera, de compensación de perdas a través da aplicación da prima de emisión.
- 3º. Acordo, se procedera, de redución de capital coa finalidade de restablecer o equilibrio entre capital e patrimonio neto diminuído como consecuencia de perdas.
- 4º. Acordo, se procedera, da ampliación do capital social, a subscribir polo I.G.V.S., trala renuncia ao dereito de subscripción preferente por parte dos demais accionistas, e co fin de atender a amortización parcial prevista na póliza de préstamo suscrito coa entidade ABANCA en data 30.11.2015, así como para reforzar a inversión que debe acometer Xestur no Parque Empresarial de Morás-Arteixo, e sometemento do acordo ao Consello da Xunta de Galicia, para a autorización do mesmo, se procedera.
- 5º. Modificación, no seu caso, dos artigos 6 e 7 dos Estatutos Sociais.
- 6º. Rogos e preguntas.
- 7º. Formalización e execución de acordos.
- 8º. Aprobación da Acta da Xunta.

De conformidade co artigo 197 do Real Decreto Legislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital (LSC), os accionistas poderán solicitar dos Administradores, acerca dos asuntos comprendidos na



XESTUR

galicia

orde do día, as información ou aclaracións que estimen precisas, ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes, ata o sétimo día anterior ao previsto para a celebración da Xunta. Así mesmo, conforme aos artigos 272 e 287 da LSC, calquera socio poderá obter da sociedade, de xeito gratuito, os documentos que deben ser sometidos á aprobación da mesma, así como o informe de xestión e o informe do Auditor de Contas.

En Santiago de Compostela a 31 de marzo de 2017.

O Secretario do Consello de Administración.

Ángel Rodríguez González